

CONVOCATORIA DA PROBA DE ACREDITACIÓN DE LINGUA CASTELÁ E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

O tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral de 20 de xuño de 2024, para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre («DOG» núm. 126, de 1 de xullo de 2024), en aplicación do disposto na base 6.6 da convocatoria, que dispón: «Persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira: con carácter previo á realización dos exercicios da fase de oposición, as persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, na cal se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua», **ACORDOU**:

Convocar, con carácter previo á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, á persoa aspirante de nacionalidade estranxeira que a continuación se indica para a realización da **proba de acreditación de coñecemento do idioma castelán** o día **14 de marzo de 2025**, ás **10:00 horas**, na **Aula B07 (1º andar)** da **Facultade de Filoloxía** da Universidade de Santiago de Compostela (Campus norte, Avenida de Castelao, s/n, 15705 Santiago de Compostela):

Persoa aspirante	DNI
Lopes Mori, Rosa Natacha	****0368*

O contido desta proba de lingua española responde ao disposto no artigo 3 do Real Decreto 1137/2002 do 31 de outubro («BOE» do 8 de novembro) – modificado nos artigos 3 e 6 do Real Decreto 264/2008, do 28 de febreiro (BOE do 12 de marzo) – que regula os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) e cumpre coas directrices do Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación (MCER) [Madrid: Instituto Cervantes - Ministerio de Educación, Cultura y Deporte - Editorial Anaya, 2002], tradución ao español do Common European Framework of Reference for Languages: Learning, Teaching, Assessment (CEFR) [Strasbourg: Council of Europe - Language Policy Division, 2001], relativas ao nivel intermedio (B2) de competencia lingüística.

I. ESTRUCTURA E REALIZACIÓN DA PROBA

Esta proba consta de dúas partes:

A) Parte escrita: comprende tarefas de comprensión auditiva (1), comprensión lectora (2) e expresión escrita (3). Ten unha duración de 100 minutos.

B) Parte oral: inclúe tarefas de expresión e interacción oral (4). Ten unha duración de 20 minutos.

As persoas aspirantes deben:

- Presentarse provistas de documentación identificativa orixinal con fotografía (DNI, NIE ou pasaporte) e bolígrafo indeleble (azul ou negro). Non está permitido o uso de cinta correctora ou similar.
- Apagar e gardar os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos antes de acceder á sala de realización da proba.

- Seguir as indicacións do tribunal e acometer a proba valéndose dos propios méritos e coñecementos individuais. Non está permitido o acceso a ningún recurso ou material de consulta nin dirixirse a outras persoas durante o desenvolvemento da proba.

II. COMPOÑENTES DA PROBA

(1) As tarefas de comprensión auditiva (20 puntos) implican a escoita de tres textos (relativos a avisos, noticias, discursos, conversacións ou entrevistas) e a resposta a un total de 10 preguntas de opción múltiple. Os textos reproducense dúas veces cada un e poden estar gravados ou ser lidos no momento.

(2) A tarefa de comprensión lectora (20 puntos) supón a lectura de dous textos (de carácter histórico, literario, biográfico, directivo, informativo ou de opinión) e a resposta a 20 preguntas de opción múltiple.

(3) A tarefa de expresión escrita (30 puntos) consiste na elaboración dunha carta formal relacionada con temas do ámbito público, académico ou profesional (extensión de 200-250 palabras). Será avaliada atendendo aos seguintes criterios:

- Adecuación: adaptación á situación comunicativa (persoa destinataria, convencións do xénero discursivo e rexistro), consecución eficaz dos obxectivos establecidos na tarefa e presentación dun texto limpo.
- Coherencia: boa estruturación e organización da información mediante mecanismos de cohesión, marcadores discursivos e conectores oracionais.
- Corrección lingüística: bo control da caligrafía, ortografía, morfoloxía e sintaxe.
- Alcance léxico: uso dun vocabulario correcto, variado e preciso.

DESCANSO (15 minutos)

(4) A parte de expresión e interacción oral (30 puntos) implica ler, valorar, opinar e conversar nun contexto formal sobre distintas opcións para resolver unha situación (tarefa 1) e nun contexto informal sobre os datos dun gráfico ou dunha enquisa (tarefa 2).

Será avaliada atendendo aos seguintes criterios:

- Adecuación: adaptación á situación comunicativa (persoa interlocutora, convencións do xénero discursivo e rexistro), habilidade para relacionarse con outros puntos de vista, capacidade de interacción e cumprimento eficaz dos obxectivos establecidos nas tarefas.
- Coherencia: boa estruturación e organización da información mediante mecanismos de cohesión, marcadores discursivos e conectores oracionais.
- Corrección lingüística: bo dominio da pronunciación, entoación, morfoloxía e sintaxe; expresión e interacción oral resolta, fluída e natural.
- Alcance léxico: uso dun vocabulario correcto, variado e preciso.

III. CUALIFICACIÓN DA PROBA

As tarefas de resposta pechada recibirán unha puntuación positiva por cada acerto (non hai puntos negativos ou de desconto). A puntuación das tarefas de resposta aberta resultará da aplicación dos criterios de avaliación.

Para superar a proba é necesario acadar a cualificación de APTO, que responde á obtención mínima do 60 por cento da puntuación en cada un dos dous grupos da proba: grupo 1 (compoñentes 2 e 3, 30-50 puntos) e grupo 2 (compoñentes 1 e 4, 30-50 puntos).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O presidente do tribunal
Félix Navaza Aller

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oeplistado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER, NIF ***9602**, 03/03/2025 09:25:35.

CSV: B4A6-DD4B-4DF4-B175